(Fotografía: Altar do Sol)

3. A NECRÓPOLE MEGALÍTICA DE ALPERIZ (LALIN)

Antonio Presas

1. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS XERAIS PREVIAS, A TER EN CONTA, SOBRE AS MÁMOAS

As mámoas empezaron a ser construídas, polos nosos antepasados, hai uns 5.000 anos, como destacados lugares de enterramento, que marcaban puntos de referencia no territorio que ocupaban. A corrente do megalitismo propagouse por todo o territorio europeo, pero na Nosa Terra deixou sinais inequívocas por todas partes.

En contraste coa súa longa existencia houbo un gran descoñecemento das mesmas e, tanto é así que, as primeiras referencias escritas son relativamente recentes, moi posteriores á época romana. A primeira constancia documental é de época medieval, do século VI, cando no "Parroquial Suevo" se establece o límite dun condado e aparece o nome de "*Mamula de Gutilanes*"

Aquí, na nosa Comarca, teremos que agardar pola primeira referencia ata pasada a primeira metade do século X. Así nun documento do ano 968 procedente de S. Martiño Pinario, referente á cesión da vila de Filgueira ao mosteiro de Antealtares, aparece textualmente a sinalización de mámoas: "*intrat in flubio de Bervia de illa fonte de inter* ***mamolas*** ..."

Pódese dicir que as mámoas estiveron durmindo nun sono permanente ata o século XVII, momento no que se asiste ao célebre proceso xudicial contra o clérigo Vázquez

de Orxas, quen recen regresado das Indias obtén permiso do rei Felipe III para escavar as mámoas dos "gentiles galigrecos", coa pretensión de recuperar o ouro que supostamente se ocultaba nelas e que pertencía á Facenda Real. A partires de 1609 desátase a "febre do ouro" en Galicia coa participación masiva do campesiñado que asalta as medorras.

Non século XVIII, coa Ilustración, atopamos os primeiros datos científicos sobre o mundo das mámoas. Contamos coas referencias de P. Sobreira e sobre todo coa obra de F Martín Sarmiento que, en 1754, déixanos a primeira descrición do que é un monumento megalítico: "*un montiño artificial de terra e de figura circular duns 15-20 pes de diámetro . . . mámoa ou teta que se eleva 4-6 pés e no centro, tres ou catro lousas de punta cerran o espazo no medio e no centro dese espazo está enterrada a ola cineraria e terra por encima*".

2. SITUACION

A necrópole megalítica de Alperiz localizase nunha zona relativamente achairada, situada entre Coto Pedreiras ao Oeste e o río Arnego ao Leste. A distancia mínima entre a mámoa máis cercana ao río é de tan só 220 metros. O espazo ocupado polo conxunto tumular recibe varios nomes: A Cruz, a carón da pista que vai de Carballeda a Parada, O Monte Fonteiriño ao Leste da referida pista e a Zarra do Canal, nas proximidades do río Arnego.

A zona de localización das mámoas corresponde a un solo con escasa humidade, de fácil drenaxe, cunha elevada infiltración pola abundancia de xabre (alteración do granito) no subsolo e ocupado por unha vexetación subserial tipo matogueira (toxos, queirugas e uceiras). Na actualidade, a presión gandeira está transformado a zona coa implantación de praderías polo contorno, sendo este un problema que ten afectado gravemente ás mámoas nos últimos anos e no presente.

3. HISTORIA

- A primeira mención histórica das mámoas existentes en Alteriz aparece na "Geografía General del Reino de Galicia" dirixida por Carreras Candí e publicada en 1936. No tomo XII (Pontevedra, capítulo XV, Partido Judicial de Lalín), redactado por Gerardo Alvarez Limeses mencionase a existencia de mámoas en Alperiz e Parada. **Alvarez Limeses** tiña un coñecemento real da situación non só por haber participado nalgunha das campañas que o Seminario de Estudos Galegos (SEG) realizara nas Terras de Deza entre (1930-1935), senón, tamén, polas informacións que lle tiñan dado outros membros desa sociedade, especialmente Sebastián González.

- **Crespo Nazara,** na "Cartilla de Geografía de la Comarca de Lalín", publicada en 1951, na lección 8, relata que na localidade de Alperiz existen algunhas mámoas

- O día 31 de marzo de 1956, **Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza**, profesor de Debuxo Lineal na Escola de Artes y Oficios “Maestro Mateo” de Santiago, sae de Moimenta, acompañado polo cura da parroquia, realizando un recorrido a pé ata a as mámoas de A Cruz en Alperiz. Alí observa, fotografía e debuxa os gravados serpentiformes dunha mámoa e o mesmo do "Altar do Sol".

-**Filgueira Valverde** e **Alfredo García Alén,** en publicacións de distintos anos (1956, 1959, 1977) do Museo de Pontevedra, "Materiales para la Carta Arquelógica de la Provincia de Pontevedra", recollen información detallada do conxunto de mámoas que se localizan no Monte Fonteiriño (Coto Fenteiriño no Catastro de Ensenada) e na Zarra do Canal da aldea de Alperiz. Isto é o que recollen en concreto no "Inventario de Monumentos Megalíticos" de 1977.

"*No Monte Fonteiriño ou Cima do Agrelo atópanse as mámoas da Cruz. Un grupo de seis túmulos con dolmens de sete soportes. Nun deles existe un pequeno corredor con representacións serpentiformes nun ortostato. Cerca deste grupo aparece unha "colocación de pedras", en forma de recinto, presidida por outra pedra con dúas escavacións e gravados, á que os veciños denominan "Altar do Sol" (segundo Bouza Brei).*

Sobrino Lorenzo-Ruza e Martínez López non os consideran dolmens senón unha das peculiares estruturas "steinsetzung" ou "colocacións de pedras",características da área occidental da Cultura Megalítica. Atopáronse anacos de cuenco e, no fondo, unha capa de cinzas. O total de representacións serpentiformes é de seis.

Folklore: Ao perseguir un coello que se meteu no túmulo que ten a cruz que dá nome ao conxunto, sacouse do monumento un recipiente de barro que contiña po de "fungo" que brillaba. Certo tratante de gando que pasaba cara a feira de Agolada dixo que aquilo era "mirra" e que fora unha gran perda telo tirado. Alí hai minas de ouro "en anacos" e tamén "encantos". Os anciáns din que as fixeron os "mouros" ou os romanos . . . aínda que algúns cren que eran cemiterios e outros que eran parapetos de guerra "de cando andaba a guerra forte" e que se comunicaban coas mámoas de Sabugueiro cando había guerra.

Na Zarra do Canal atópase outro grupo de túmulos dolménicos. Sen precisar o lugar exacto hai noticias da destrución de dolmens por veciños da parroquia. Nalgunha había unha cámara circular cun lixeiro corredor, sendo a máis interesante a que ten un serpentiforme na laxe central da cámara, fronte á entrada".

En 1989 o arqueólogo **Penedo Romero** realiza unha rápida intervención arqueolóxica na "Mámoa do Cruce" (mámoa nº 7) dentro da campaña promovida pola Xunta de Galicia para recoller datos informativos en varios dolmens. Os resultados desa intervención son practicamente descoñecidos a día de hoxe.

Entre o 28 de abril e 5 de maio de 1990 a **Asociación Cultural "O Naranxo"** de Lalín, organizou as "*I Xornadas de Defensa do Patrimonio*" nas que o profesor Vázquez Varela expuxo a situación do fenómeno megalítico na zona de Lalín e un grupo de persoas visitou o conxunto megalítico de Parada de Alperiz pero, en contraste, co interese que estaban despertando estas xornadas, aos poucos días (a mediados de xullo) o propietario da finca na que se localizaba o "Altar do Sol" arrasou por completo tres mámoas cunha máquina escavadora. A Asociación Cultural culpou ao goberno municipal desta actuación por non ter adoptado as medidas preventivas que foran aprobadas nun acordo plenario anterior ("*non fixeron absolutamente nada, nin tan sequera unha campaña de sensibilización cidadá e tampouco procederon a sinalización das mámoas, que era o mínimo que se lles pedira*"). O concello, unha vez aceptada a responsabilidade de conservar o conxunto megalítico, recibiu, da Dirección Xeral de Patrimonio, unhas normas de conservación entre as que figuraba, primeiramente, a compra ou expropiación do terreo onde estaban ubicadas as mámoas

A excepcional salvación do "Altar do Sol" deste atentado patrimonial foi debida a certo temor por parte do propietario a destruír unha construción simbólica da que tiña recibido anteriormente información por parte dalgún organismo público, como o Ministerio de Información e Turismo.

4. DESCRICION

A necrópole megalítica de Alperiz estaba composta por un conxunto de nove mámoas, das que sete formaban o grupo principal, denominado "***Mámoas do Monte Fonteiriño***" e dúas, localizadas en dirección NL, a 400 metros de distancia do Altar do Sol que formaban o subgrupo da ***Zarra do Canal***. No grupo principal as mámoas atopábanse unhas moi cerca das outras ocupando un espazo tan só de 1,3 Ha.

Mámoa nº 1

Este túmulo era coñecido como ***Mámoa da Cruz***, porque tivo colocada unha cruz, nun rebaixe de base cadrada feito sobre a tapa de cubrición do megálito. Na actualidade non se conserva esa cruz e, nin tan sequera, os veciños de Alperiz se acordan de tela visto sobre o túmulo.

A mámoa foi violada polos primeiros saqueadores de tesouros masivos que houbo en Galicia trala licencia concedida polo rei Felipe III a Vázquez de Orxas en 1609. Daquela moveuse a gran tapa de cubrición do dolmen cara o Leste, para acceder á cámara central do megálito sacando, a continuación, a terra que puidera haber no interior. Con posterioridade, seguramente coa intención de sacralizar un lugar considerado profano, colocouse a devandita cruz sobre esa tapa removida.

A mámoa da Cruz, pese á violación sufrida hai cerca de 400 anos, atópase nun estado de conservación aceptable e, por esa razón, podería ser un elemento de referencia para o futuro neste maltratada necrópole megalítica

Mámoa nº 2

A ***mámoa da cima*** ou do ***pé do camiño*** foi practicamente arrasada no ano 1990 polo propietario da finca na que se atopaba. Nun primeiro momento quedou unha pequena banda, en forma de torreiro alombado (perfil da mámoa), situado entre a finca e o camiño agrícola que pasa pola parte de arriba, pero co paso do tempo e sucesivos traballos con maquinaria quedou practicamente irrecoñecible. A única testemuña que queda no lugar é unha lousa colocada no cerre, a carón do camiño, que seguramente foi un ortostato desta mámoa.

Mámoas nº 3 e nº 4.

Estas dúas mámoas tamén foron arrasadas de forma intencionada cunha máquina escavadora, no mes de xullo do ano 1990, polo propietario da finca. Eran dúas mámoas de tamaño pequeno formadas por un túmulo de terra que tapaba unha estrutura dolménica interior. Ao igual que tódalas mámoas da necrópole foran violadas polos primeiros buscadores de tesouros

Mámoa nº 5

Mámoa de pequenas dimensións totalmente arrasada con maquinaria pesada na década dos anos 70 cando o IRIDA, nunha das primeiras actuacións que realizou no concello de Lalín, trazou a pista de Carballeda-Parada-Alperiz.

Mámoa nº 6

Este dolmen é coñecido entre o vecindario de Alperiz como "***Altar do Sol***" ("*chamáronlle así porque na cara da lousa orientada ao nacente aparece marcada unha especie de disco que recibe os primeiros raios do Sol. Algúns que estudaron o caso, segundo comentarios, teñen dito que isto era unha especie de observatorio solar*

para saber cando se producía o cambio das estacións e que a marca circular, ao recibir os raios do sol, en determinados momentos, servía para iso")

O Altar do Sol é un dolmen (megálito) de grandes dimensións, equiparable a outros dolmens galegos de gran importancia como os de Dombate e Axeitos. Cando foi descuberto polos investigadores xa se atopaba nun deplorable estado de conservación e, por iso, incluso se chegou a dubidar de que fora un auténtico dolmen, porque resultaba desconcertante a existencia dunhas laxes (chantos) colocados en forma circular. Pronto se propuxeron dúas hipóteses explicativas: (a) que era unha mámoa arrasada da que só se conservaba o dolmen (anta) ou (b) que era un dolmen preparado para cubrilo cun túmulo e formar unha mámoa, como as outras que estaban ao seu lado.

A última escavación arqueolóxica (outubro 2015) dirixida polo arqueólogo Manuel Lestón puxo de manifesto que se trataba dunha mámoa que tiña o túmulo arrasado e todos os seus esteos rotos pola metade e incluso pola base. Suponse que a primeira agresión que sufriu foi a violación na búsqueda de tesouros, removendo a tapa (cubrición) para acceder ao interior da cámara. Posteriormente rompéronse os esteos para utilizar a pedra en cerres de fincas e, pouco despois do seu descubrimento para o mundo da ciencia, realizouse un rebaixe no seu interior na procura de restos arqueolóxicos.

O dolmen o "Altar do Sol" medía, orixinariamente, uns 2,20 metros de altura (desde a base ata a a parte alta da lousa de cubrición) e a cámara, de case 11 metros cadrados, estaba formada por sete esteos dispostos de forma circular. A laxe ou esteo de cabeceira medía 1,90 metros de lado e tiña un grosor de 0,50 metros. O acceso ao dolmen facíase por un corredor, formado por varios esteos colocados en paralelo aos dous lados, situado polo lado Leste da cámara. Este corredor foi arrasado cando se romperon as laxes que do megálito.

A posible tapa de cubrición atópase removida a un lado da estrutura dolménica e presenta unhas medidas considerables: diámetro medio (semisuma dos eixe maior e menor) superior a 2,60 metros e un grosor de 0,30 metros.

En conxunto o túmulo debía medir cerca de 2,5 metros de altura e tería un diámetro cercano aos 30 metros.

Mámoa nº 7

Tamén coñecida como "Mámoa ***do Cruce***", por estar situada no cruce que une a pista que vai a Alperiz coa pista Carballeda-Parada. Antes de que foran asfaltadas

estas pistas, no seu lugar pasaban camiños e a mámoa estaba na encrucillada e, por esta causa, o túmulo ten sufrido reducións polos tres lados:Oeste, Norte e Leste.

Esta mámoa aparece en numerosas publicacións relativas ao fenómeno do megalitismo polos gravados serpentiformes que se atopan na cara interna do esteo de cabeceira, orientado ao Nacente do mesmo xeito que o do Altar do Sol. Tanto neste ortostato como noutros descubertos na Comarca de Deza (mámoa de Agoleta, mámoa da Braña, mámoa de Monte Marxós, mámoa de Coto dos Mouros, mámoa de Bidueiros e mámoa do Malato) teñen aparecido gravados e pinturas que lle dan unha dimensión de gran valor a estes enterramentos, nos que se combina arquitectura con simbolismos de significado polo de agora descoñecido.

No ano 1989 realizouse unha rápida intervención arqueolóxica nesta mámoa pero, de inmediato, voltouse a recubrir o escavado para minimizar o impacto producido.

Mámoas nº 8 e nº 9

Estas mámoas atópanse na ***Zarra do Canal***, antes do cambio na rotura de pendente, producida polo encaixamento do río Arnego ao seu paso seccionando o apéndice granítico que se estende entre a Serra do Faro e Monte de Cima Roñeira (Moimenta). Son dúas mámoas de características similares ás anteriores tanto no seu tamaño, como na súa forma e aspecto

5. AFECTACIÓNS

As Mámoas de Alperiz víronse sometidas ao longo da súa historia a varios tipos de agresións: (a) búsqueda de tesouros, (b) a obtención de pedra para construcións (c) a roturación de montes para praderías e (d) por alteracións físicas do contorno. As dúas primeiras agresións estendéronse ao longo dun amplo período comprendido entre comezos do século XVII ata a primeira metade do século XX e a segunda fase de agresións tivo lugar desde mediados do século pasado ata a actualidade.

A **búsqueda de tesouros** pretendía a obtención de ouro entrando no interior da cámara dos túmulos unha vez levantada a lousa de cubrición das antas ou dolmens. Foi unha destrución moi selectiva, realizada a pico e pala por cuadrillas clandestinas que actuaban pola noite ou polos propios veciños da zona que tentaban buscar os codiciados tesouros. Todas as mámoas da necrópole de Alperiz foron saqueadas por este procedemento

A **obtención de pedras para construcións rústicas** tamén afectou aos megálitos que formaban parte das mámoas. Cando eran mámoas pequenas os esteos podían

ser empregados dereitamente como lousas de cerre nas fincas, pero cando se trataba de grandes laxes, como as que formaban o Altar do Sol, procedeuse a súa rotura para metelas, posteriormente, en valados.

A **roturación de montes** tivo lugar co cambio de ciclo agrícola ao pasar da agricultura tradicional de subsistencia á agricultura de mercado, baseada na produción leiteira. Foron roturados os montes e eliminados todos os obstáculos que dificultaban a súa mecanización, afectando gravemente ás mámoas. Neste caso foron arrasadas tres mámoas no Monte Fonteiriño no ano 1990

O **trazado de novas pistas**, como a promovida polo IRIDA na década dos 70, ocasionou a destrución doutra mámoa deste conxunto

Outras afectacións foron as ocasionadas por **cambios no medio físico cercano** como a construción dunha granxa moi próxima ás mámoas na década dos anos 80 ou a colocación dunha antena de telefonía móbil a escasa distancia da Mámoa do Cruce, no ano 2009. A pesares da actuación da Dirección Xeral de Patrimonio, que sancionou á empresa instaladora cunha multa de 5.800 euros e demandou a súa retirada, sen embargo chegouse a unha legalización da mesma.

BIBLIOGRAFIA

ALVAREZ LIMESES, G (1936): *Pontevedra*. Tomo XII. En Geografía General del Reino de Galicia, obra dirixida por F. Carreras y Candí.

BUXAN SACO, C. (1994): *As mámoas de Alperiz*. Artigo publicado na revista cultural dezá "A Caho Eira".

FILGUERA VALVERDE, J. e GARCÍA ALÉN, A. (1956): *Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra.* Museo de Pontevedra

FILGUERA VALVERDE, J. e GARCÍA ALÉN, A. (1959, 1975 e 1977): *Adiciones a la Carta Arqueológica de la Provincial de Pontevedra*. Museo de Pontevedra.

GARCIA ALEN, A. e PEÑA SANTOS, A. (1980): *Grabados rupestres de la Provincia de Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

VÁZQUEZ CRESPO, A. e GONZÁLEZ ALÉN, D. (1997): *A Comarca do Deza*. Servizo de Publicacións de Deputación Provincial de Pontevedra.

FIGURAS



3.1- Mapa coa localización das mámoas da necrópole megalítica de Alperiz



3.2- Mámoas no PXOM de Lalín coa súa área de protección

3.3- Mámoa da Cruz un ano despois da tala de piñeiros

3.4- Ortostatos da Mámoa da Cruz. A laxe de maior grosor corresponde á tapa de cubrición

3.5- Leve alombamento do terreo onde se atopaba a Mámoa da Cima. A lousa da imaxe posiblemente corresponda a un esteo desta mámoa

3.6- O Altar do Sol, durante a fase de escavación, visto desde o lado Leste

3.7- Vista do Altar do Sol desde o lado Oeste, durante a fase de escavación en outubro de 2015

3.8- Anaco dun esteo do Altar do Sol colocado no cerre contiguo

3.9- Grabados serpentiformes marcados nun ortostato da Mámoa do Cruce



3.10- Grabados serpentiformes da Mámoa do Cruce, segundo as primeiras investigacións



3.11- Grabados serpentiformes da Mámoa do Cruce, segundo as últimas investigacións

3.12- Vista da Mámoa do Canal, localizada a escasa distancia do río Arnego



3.13- Unha granxa e unha antena de telefonía móbil ubicadas nas proximidades da necrópole de Alperiz vista en foto aérea (SIGPAC)

3.14- Vista da granxa e da antena de telefonía móbil desde o Altar do Sol.